

ACTA N° 13/08

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE MARZO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Arturo González Pérez.
D^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 9 de marzo de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 12/09, do 02/03/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 288/08 – D^a. MARÍA TERESA RIOBÓ SÁNCHEZ presenta proxecto básico e execución de vivenda unifamiliar a situar no barrio de Broullón, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado na data 09.10.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 13 de xaneiro do 2009 para solo urbano de Ordenanzas 2.

Cumpre coas Normas do habitat galego; corríxese o proxecto inicia cos planos 1,2 e memoria do decreto 206/2007 visados polo COAG ó 18/02/2009 e condicionase que en obra o almacenamento personal do menor dormitorio se adoseó paramento cun fondo de 0,6º metros..

Non require informes sectoriais.

Cédese 87,40M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 460,62 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Superficie de parcela según medición técnica de 433,35 M/2

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.021,94 €
Taxas licenza urbanística.....	252,74 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Sumidoiros	180,00 €

2.B) EXPTE. 30/09 – D. MARCIAL GAYO PENA presenta solicitude para construción de peche de parcela na súa propiedade sita no barrio de Berducedo-Moaña, de 25 metros liñais e unha altura máxima de 2 m., a base de bloques de formigón, postes e malla metálica, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE DE PARCELA (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

O testeiro retranqueará do eixo da vía catro metros.

Altura máxima será de dous metros a partir da rasante do terreo.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción.....	21,04 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

2.C) EXPTE. 245/05 – D. FERNANDO RIVAS MARTÍNEZ presenta proxecto modificado de vivenda familiar illada situada na Torre, Couso - Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polas arquitectas D^a. Carmen Yunta Rodríguez e D.^a Cristina Cameselle Solá, visado polo COAG o día 23.07.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO MODIFICADO DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME: **Procede licenza** do proxecto modificado ao expediente 245/05.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Consellería de Cultura e Deportes si ben esta autorización non autoriza a máis remocións de terras na parcela que as executadas ata o momento, debendo ficar o resto da finca ás cotas actuais.

Subróganse todos os condicionantes da inicial licenza concedida.

3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. FELICIANO PINTOS OTERO en representación de *PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES VIVENGAL S.L.*, no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para edificio de 9 vivendas e 4 locais situado na parcela 36 – Plan Parcial Rosal sur, Polígono II – O Redondo, pertencente á licenza de obra (Expte. n^o 155/2006, concedida pola XGL en sesión de data 23.10.2006).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 06 de marzo de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenrola, asinado polo arquitecto técnico D. Seán Fernández de la Calle, o día 28 de maio de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 03 de xuño de 2008; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 28 de maio de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 06 de xuño de 2008.

- Certificado de illamento acústico a ruído aéreo entre locais, illamento acústico a ruído de impacto e illamento de fachadas, expedido polo empresa de medicións en contaminación acústica homologada, EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERIA, S.A.
- Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 1.235,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 9 vivendas e 4 locais dimanante da licenza en Expte. nº 155/2006, á súa promotora PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES VIVENGAL, S.L, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

4.- LICENZAS DE APERTURA

EXPEDIENTE 49/08 – D.ª MARINA ISABEL DEL RÍO POMBAL solicita licenza para a apertura dun local destinado ao comercio polo miúdo de artigos de bisutería e complementos, na Avda. Ramón Cabanillas 1 baixo, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D Humberto Guimeráns Gallego, visado 1-12-2008.

Dáse conta do informe emitido polo aparelador municipal do 4 de marzo de 2009, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A ARTÍCULOS DE BISUTERÍA E COMPLEMENTOS.

INFORME: Procede licencia de apertura con destino establecemento para ARTICULOS DE BISUTERÍA E COMPLEMENTOS a favor de MARÍA ISABEL DEL RIO POMBAL.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 285/08

A ordenación de usos para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza apertura..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do aparellador municipal, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar o outorgamento da licenza de apertura do expediente 49/08 a D.^a MARÍA ISABEL DEL RÍO POMBAL, nos termos recollidos no informe do técnico municipal.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MONTE DO CON PROMOTORA, S.L.

Vista a solicitude de MONTE DO CON PROMOTORA, S.L. na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar na parcela 1 do PP MONTE DO CON, visado o 27 de febreiro de 2009, correspondente ao expediente nº 102/2008,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 3 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN. PARCELA Nº 1.

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 102/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle outorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparellador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 102/2008.**

5.B) REMISIÓN DE INFORMES

A Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS – DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MARIÑOS, remite un escrito ao Concello no que solicita informe previo deste pola solicitude de permiso para a actividade para a posta en funcionamento e explotación dun establecemento de cultivos mariños na Borna, solicitado por MARCOS LAGO, S.L., nº de expediente: PE 503.A 2009/1-0, para o que achega o proxecto,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 3 de marzo de 2009, que literalmente di:

Arturo Garrido García, aparellador municipal, a requirimento do Sr. Alcalde, ante a petición da Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos efectos de solicitude de permiso de actividade para posta en funcionamento e explotación dun establecemento de cultivos marinos solicitado por Marcos Lago S.L., **nº de expediente: PE 503.A 2009/1-0**, este Concello informa que tanto o uso previsto como as características do proxecto presentado están conformes coa normativa urbanística municipal vixente que se reflicte no documento de revisión e adaptación das NN. SS. de planeamento municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos – Dirección Xeral de Recursos Mariños.**

6.- FACTURA UNIÓN FENOSA

Vista a facturación do mes de xaneiro de 2009 remitida por Unión Fenosa, con entrada neste Concello o día 10 de febreiro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de xaneiro de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 54.426,99 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 2009-415-0.

7.- FACTURAS TELEFONÍA

7.A) TELEFONÍA MÓBIL MES DE DECEMBRO 2008

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de decembro de 2008, reflectido na factura 28-A985-310377 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.981,83 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-413-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 734,94 euros correspondentes a dita facturación.

7.B) TELEFONÍA MÓBIL MES DE XANEIRO 2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de xaneiro de 2009, reflectido na factura 28-B985-003522 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.245,97 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-414-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 632,02 euros correspondentes a dita facturación.

7.C) TELEFONIA FIXA MES DE XANEIRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía fixa do mes de xaneiro de 2009, reflectido na factura 60-A955-003168 de Telefónica de España, por un importe de 3.166,35 euros, e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-412-0.

7. D) TELEFONIA FIXA MES DE FEBREIRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía fixa do mes de febreiro de 2009, reflectido na factura 60-B955-003080 de Telefónica de España, por un importe de 3.203,65 euros, e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-435-0.

8.- EXECUCIÓN DE SENTENZA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4305/2001, SECCIÓN 2ª DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DE GALICIA

Visto o oficio da Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia sobre execución de sentenza recaída no procedemento ordinario 4305/2001, promovido por D. Luis Alberto Tizón Cabaleiro contra o Concello, no que se require deste o pago da cantidade de 1.812,96 euros en concepto de xuros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Dar cumprimento ao citado requirimento e, na súa virtude, autorizar e dispoñer gasto por importe de 1.812,96 euros con cargo á partida 4320.34201 do Concello, en concepto de xuros no procedemento ordinario 4305/2001, promovido por D. Luis Alberto Tizón Cabaleiro contra o Concello.

Segundo.- Dar traslado do acordo á Intervención Municipal aos efectos pertinentes e á Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia para constancia do mesmo.

9.- CUMPRIMENTO DE PLAN DE PAGOS ASINADO POLO CONCELLO EN EXECUCIÓN DE SENTENZA DO PROCEDEMENTO 4417/2002 DA SALA 2ª DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DE GALICIA.

Visto o Plan de pagos asinado polo Concello e CARROCERÍAS GIRÁLDEZ S.L. en execución de sentenza do procedemento 4417/2002 da Sala 2ª do Contencioso Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia, procedemento promovido por CARROCERÍAS GIRÁLDEZ S.L. contra o Concello, polo que o Concello se comprometeu a abonar a CARROCERÍAS GIRÁLDEZ S.L. 8.483,24 euros correspondentes a resto de principal da débeda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Dar cumprimento ao citado Plan de Pagos derivado da sentenza no procedemento 4417/2002 da Sala 2ª do Contencioso Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia e, na súa virtude, autorizar e dispoñer gasto por importe de 8.483,24 euros con cargo á partida 4420.21400 do orzamento municipal, en concepto de resto de principal da débeda en favor de CARROCERÍAS GIRÁLDEZ S.L.

Segundo.- Dar traslado do acordo á Intervención Municipal aos efectos pertinentes e á CARROCERÍAS GIRÁLDEZ S.L. para constancia do mesmo.

10.- PROPOSTA DE GASTO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO TRAMO DO RÍO DA FRAGA.

Vista a proposta de asistencia técnica para a realización do proxecto construtivo das obras de encauzamento do río Fraga no seu tramo final, solicitada polo Concello co obxecto de evitar asolagamentos, por un importe de 13.920,00 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4320-22708, RC 430.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, e así aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 13.920,00 € a favor de Aquática Ingeniería Civil, con cargo a partida 4320-22708 RC 430, pola redacción de proxecto de encauzamento do río da Fraga, no seu tramo final.

11.- GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL O REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 9 de marzo de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural O Real.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:
Unión Fenosa Distribución, S.A. 2409022166366 15,28 euros.

Na súa consecuencia propoño:

Recoñecemento da obriga a favor de **MANUEL SANTOME GESTIDO**, por importe 15,28 euros, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 4510 22100, correspondente ao período 230109 a 230209.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 15,28 euros a **MANUEL SANTOME GESTIDO**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 4510 22100 – RC 449.

12.- ACTUALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO.

Vista a proposta do concelleiro de Medio Ambiente e Mar do 3 de marzo de 2009, que literalmente di:

“No intento de asumir o compromiso reflectido na Cláusula Quinta do convenio de colaboración entre a Sociedade Protectora de Animais do Morrazo e o concello de Moaña: que literalmente di: “as aportacións mensuais reflectidas no convenio sufrirán un incremento anual na mesma porcentaxe que o aumento do I.P.C.”

En base ao exposto, o concelleiro de Medio Ambiente e Mar solicítalle a Comisión de Goberno asumir dito compromiso nos seguintes termos:

Renta inicial	Renta actualizada	Tasa de variación
1.283,75 €	1.301,72 €	1,4%

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento municipal do ano 2009 para este fin, acreditada pola retención de crédito para gastos que se efectuo na partida 9110-48900 RC 433,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos,

13.- MODIFICACIÓN DE ACORDO DEVOLUCIÓN FIANZAS DE AUGA – D. FERNANDO ESTÉVEZ SOTELIÑO

Visto o informe da tesoureira do 9 de marzo de 2009, en relación á devolución de dúas fianzas de auga por importe de 300 euros a favor de Fernando Estévez Sotelino, que di:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda modificar o importe das fianzas a devolver a D. Fernando Estévez Sotelino aprobada na Xunta de Goberno do 19 de xaneiro de 2009, concretándoo en 20 e 150 euros respectivamente, polos motivos recollidos no informe da tesoureira municipal.

14.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA.

ROMI Y MOI CB solicita, por escrito do 25 de febreiro de 2009, a devolución da fianza pola terraza que instalou no Bar Vaticano,

Visto o informe da tesoureira municipal do día 9 de marzo de 2009, no que, unha vez acreditado o depósito da fianza na Tesourería, indica que o día 6 de marzo de 2009 o xefe da Policía Local emite informe onde se indica que o interesado non ten montada ningún tipo de terraza na vía pública, polo que procede a devolución solicitada da fianza por importe de 600 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 600 euros a favor de D. Moisés Verdeal Martínez (Bar Vaticano).

15.- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO EN CONCEPTO DE GARANTÍA DEFINITIVA

Por escrito do 30 de xaneiro de 2009, D. José María Pemán Seoane en nome de Bull Fuego S.A., solicita a devolución da garantía definitiva en aval bancario por importe de 2.620 euros, en relación á adquisición dun vehículo contra incendios e salvamento para o Concello de Moaña,

Visto o informe da tesoureira municipal do día 3 de marzo de 2009, no que, unha vez acreditado o depósito do aval bancario por importe de 2.620 euros na Tesourería o día 29/07/2007 para responder da execución da adxudicación do vehículo contra incendios, indica que consultada a acta de recepción de data 21 de decembro de 2007 do contrato de subministro (adxudicado o día 15 de xuño de 2007) comprobouse que o prazo de garantía de un ano xa transcorrera, polo que **informa a procedencia** da devolución do aval bancario de 2.620 euros a favor de Bull Fuego, s.l.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e segundo o informe da tesoureira, acorda aprobar a devolución do aval bancario por importe de 2.620 euros a favor de BULL FUEGO, S.L.

16.- RENOVACIÓN CONVENIO COA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE DOMAIO

Vista a proposta do concelleiro de servizos do día 5 de marzo de 2009, que textualmente di:

Na Xunta de Goberno Local do día 20 de outubro de 2008 acordouse aprobar o establecemento dun convenio coa CMVMC de DOMAIO para que a instalación do colector da obra de saneamento de Carballido-San Lourenzo atravesase monte comunal, iso de acordo cos termos recollidos nun borrador de convenio –reproducido no acordo-. Tamén se acordou facultar ao alcalde para a súa sinatura.

A redacción do borrador que se aprobou estaba realizada con bastante anterioridade á que se levase para a súa aprobación á Xunta de Goberno, xa que era intención que se materializase antes o acordo. Isto reflectese en que os prazos recollidos no acordo sexan imposibles de cumprir.

Por iso, PROPOÑO

Actualizar as datas previstas no acordo suscrito coa CMVMC de Domaio, coa aprobación e ratificación desta, e así prever a data máxima prevista para a finalización das obras o 31 de decembro de 2009 –no canto do 31.12.08, como estaba inicialmente previsto-, e en canto á *Conexión de saneamento na Fontela*, o Concello obrígase a rematar as obras antes do 31 de decembro de 2009 –non o 31 de maio de 2009, como inicialmente se estimou-.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda renovar o convenio subscrito coa Comunidade de Montes de Domaio nos termos recollidos na proposta do concelleiro de servizos.

17.- EXAME DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO ROSAL (MOAÑA)”

A Xunta de Goberno, en data 16 de febreiro de 2009, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- SERVISURGA S.L.
- CONSTRUCCIONES JOSE BOULLOSA SL.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra.

A empresa CONSTRUCCIONES JOSÉ BOULLOSA S.L. non presenta oferta.

A Xunta de Goberno declara excluída a seguinte oferta, por non aportar ningún tipo de documentación acreditativa da solvencia necesaria para a execución da obra sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- SERVISURGA S.L.

A Mesa declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.:

Prezo: 131.942,29 euros. (113.743,35 euros + 18.198,94 euros de IVE.)

Prazo de execución: 3 meses.

Melloras: Non se ofertan melloras.

Prazo de garantía: 18 meses.

Persoal a contratar: Un traballador, oficial 1ª, por un prazo de tres meses.

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta se axusta aos condicionantes previstos nos pregos, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Reforma do Pavillón Polideportivo do Rosal (Moaña)” á empresa

CONSTRUCTORA EDISERPO S.L. por importe de CENTO TRINTA E UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E DOUS EUROS E VINTENOVE CÉNTIMOS (131.942,29 euros). (113.743,35 euros + 18.198,94 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses, un prazo de garantía de 18 meses e coma persoal a contratar, un traballador, oficial 1ª, por un prazo de tres meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 131.942,29 euros con cargo á partida 4520.63201 do orzamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 5.687,17 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificado da Xunta de Galicia acreditativa de que se atopa ao corrente ca citada Administración.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

18.- EXAME DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN (MOAÑA)”.

A Xunta de Goberno, en data 16 de febreiro de 2009, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- SERVISURGA S.L.
- CONSTRUCCIONES JOSE BOULLOSA SL.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra.

A empresa CONSTRUCCIONES JOSÉ BOULLOSA S.L. non presenta oferta.

A Xunta de Goberno declara excluída a seguinte oferta, por non aportar ningún tipo de documentación acreditativa da solvencia necesaria para a execución da obra sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- SERVISURGA S.L.

A Mesa declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.:

Prezo: 224.325,63 euros. (193.384,16 euros + 30.941,46 euros de IVE.)

Prazo de execución: 5 meses.

Melloras: Marcaxe de liñas para pista de baloncesto, balonmán, fútbol sala e voleibol sobre pavimento, con esmalte brillante de poliuretano.

Prazo de garantía: 18 meses.

Persoal a contratar: Un traballador, oficial 1ª, por un prazo de tres meses.

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta se axusta aos condicionantes previstos nos pregos, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Reforma do Pavillón Polideportivo do Rosal (Moaña)” á empresa CONSTRUCTORA EDISERPO S.L. por importe de DOUSCENTOS VINTECATRO MIL TRESCENTOS VINTECINCO EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (224.325,63 euros) (193.384,16 euros + 30.941,46 euros de IVE), un prazo de execución de 5 meses, un prazo de garantía de 18 meses e coma persoal a contratar, un traballador, oficial 1ª, por un prazo de tres meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 224.325,63 euros con cargo á partida 4520.63202 do orzamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 9.669,21 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificado da Xunta de Galicia acreditativa de que se atopa ao corrente ca citada Administración.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

19.- EXAME OFERTAS DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE A CERRADIÑA E A DEVESEA (DOMAIO-MOAÑA)”.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores ao que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e solvencia necesarias para a execución da obra “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio – Moaña)”.

As empresas MONTAJES E INSTALACIONES ELÉCTRICAS FEMA, S.L. e ELECTRICIDAD CS, sc. presentan declaración na que sinalan que non presentan oferta económica por imposibilidade de facer fronte ás obrigas que supoñen a execución desta obra por compromisos xa adquiridos.

A Xunta de Goberno, de conformidade coa cláusula 4.2. dos pregos, e, á vista da documentación presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U. acorda remitir aos servizos técnicos municipais a documentación acreditativa da

solvencia, neste caso, clasificación de contratista da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, para determinar, de conformidade co previsto neste parágrafo, se a clasificación aportada pola empresa se estima axeitada para realizar o obxecto deste contrato.

20.- EXAME OFERTAS DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O POMBAL E COUSO (MEIRA-MOAÑA)”.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra “Instalación de alumeado público entre O Pombal e Couso (Meira-Moaña)”.

As empresas MONTAJES E INSTALACIONES ELÉCTRICAS FEMA S.L. e ELECTRICIDAD CS, sc. presentan declaración na que sinalan que non presentan oferta económica por imposibilidade de facer fronte ás obrigas que supoñen a execución desta obra por compromisos xa adquiridos.

A Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 4.2 dos pregos, e, á vista da documentación presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., acorda remitir aos servizos técnicos municipais, a documentación acreditativa da solvencia, neste caso, clasificación de contratistas da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, para determinar, de conformidade co previsto neste parágrafo, se a clasificación aportada pola empresa se estima axeitada para realizar o obxecto deste contrato.

21.- EXAME OFERTAS DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña”.

A Xunta de Goberno declara excluída a seguinte oferta, por non aportar ningún tipo de documentación acreditativa da personalidade e representación previstas nos parágrafos

12.1.1 e 12.1.2 dos pregos de cláusulas administrativas particulares sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.

A Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 13.1 dos pregos, e, á vista da documentación presentada, acorda requirir á empresa EXCAVACIONES-CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L. que complete a documentación acreditativa da solvencia económica, cunha declaración sobre volume global de negocio do exercizo 2008 (Parágrafo 4.2 dos pregos.)

A Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 4.2 dos pregos, e, á vista da documentación presentada pola empresa MOVEXVIAL S.L., acorda que complete a documentación acreditativa da solvencia económica, cunha declaración apropiada de entidade financeira e co volume global de negocio do exercizo 2008 e que complete a documentación acreditativa da solvencia técnica, certificados de boa execución aportados, ca relación de obras executadas nos últimos cinco anos (Parágrafo 4.2 dos pregos.)

22.- EXAME OFERTAS DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS AS BARXAS-BERDUCEDO”

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo”.

A Xunta de Goberno declara excluída a seguinte oferta, por non aportar ningún tipo de documentación acreditativa da personalidade e representación previstas nos parágrafos 12.1.1 e 12.1.2 dos pregos de cláusulas administrativas particulares sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.

A Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 13.1 dos pregos, e, á vista da documentación presentada, acorda requirir á empresa EXCAVACIONES-CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L. que complete a documentación acreditativa da solvencia económica, cunha declaración sobre volume global de negocio dos exercizos 2006 e 2008 (Parágrafo 4.2 dos pregos.)

A Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 4.2 dos pregos, e, á vista da documentación presentada pola empresa MOVEXVIAL S.L., acorda remitir aos servizos técnicos municipais, a documentación acreditativa da solvencia, neste caso, clasificación de contratistas da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, para determinar, de conformidade co previsto neste parágrafo, se a clasificación aportada pola empresa se estima axeitada para realizar o obxecto deste contrato.

23.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DO CAEIRO (MEIRA-MOAÑA).

En data 2 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno aprobou o Proxecto da obra “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DE O CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)”, redactado polos Servizos técnicos Municipais e pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local.

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A., recibíndose oferta da mesma de data 5 de marzo de 2009.

Á oferta presenta as seguintes condicións: CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A.: Prezo: importe de execución por contrata de CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CORENTA E OITO CÉNTIMOS (49.999,48 euros). (43.103,00 euros + 6.896,48 euros de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de obra.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2008.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto da obra “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DE O CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)”.

SEGUNDO.- Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DE O CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)” á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A. por un importe total de CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CORENTA E OITO CÉNTIMOS (49.999,48 euros). (43.103,00 euros + 6.896,48 euros de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer gasto con cargo á partida de Gastos 5110.61123 do Orzamento Municipal por importe de 49.999,48 euros.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.155,15 Euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como Director da obra, ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

24.- CESIÓN GRATUÍTA DE “PARQUE INFANTIL ADAPTADO” E CIRCUÍTO BIOSAUDABLE.

D. José Paz Costa, en calidade de presidente da Asociación de Veciños de Meira e por escrito do 18 de febreiro de 2009, expón que a súa asociación comprou, a través das axudas de diversas empresas privadas e organismos oficiais, un parque infantil adaptado e un circuítu biosaudable que se colocaron na rúa dos Barreiros, no Samertolameu (Meira) coa autorización e axuda do Concello e posúen a certificación da propia empresa e certificación de inspección. Explica tamén que na reunión ordinaria da xunta rectora da Asociación de Veciños do 10.01.09 acordaron ceder ditas instalacións ao Concello de Moaña. Por iso, solicita que a partir da aceptación de ditas instalacións, o Concello se faga cargo do control, vixilancia e do seu mantemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión realizada pola Asociación de Veciños de Meira do *Parque infantil adaptado* e do *Circuítu biosaudable* e fan constar o seu agradecemento á Asociación de Veciños de Meira por esta cesión.

25.- APOIO Á INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO: “LA BÖCÖQUE, S.L.”

Visto o informe da axente de emprego do 9 de marzo de 2009,

Vista a proposta da Alcaldía do 9 de marzo de 2009, que literalmente di:

Á vista do informe emitido pola técnica local de emprego e do contido da Orde do 12 de Xaneiro de 2000 da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (agora dependente da Consellería de Traballo), pola que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, faise necesario acordar o apoio do Concello de Moaña ó proxecto empresarial “La Böcöque S.L.” para que poida ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego.

En vista do anterior

PROPOÑO:

Que o Concello de Moaña apoie este proxecto empresarial “La Böcöque S.L.” promovido por:

- o Olalla Casás Barreiro D.N.I.: 53115275-L
- o Sara Álvarez Bermúdez D.N.I.: 78736836-Q

O apoio do Concello implicará as seguintes medidas:

1º) Axuda económica por un total de 150 euros, destinada a financiar en parte os gastos iniciais de publicidade da empresa.

2º) Asesoramento e acompañamento técnico por parte da Axente de Emprego do Concello de Moaña durante os trámites de creación da empresa e o primeiro ano de funcionamento da mesma.

3º) Gratuidade do servizo de fotocopias para tódolos trámites de posta en marcha da empresa.

En todo caso o apoio do Concello de Moaña, queda condicionado ó feito de que este proxecto empresarial sexa cualificado como I.L.E. pola Consellería de Traballo.

Ademais, a primeira medida de apoio do Concello aplicarase unha vez que a empresa estea constituída legalmente, feito que as promotoras deberán demostrar mediante a presentación de copias compulsadas das altas na Seguridade Social e alta no censo de obrigados tributarios da empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

26.- CONTRATACIÓN PERSOAL DE MANTEMENTO DO BEQUE E NOVA CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DO COMPLEXO HOSTALEIRO DEPORTIVO DO BEQUE, DO CONCELLO DE MOAÑA.

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2009 aprobou as bases para a contratación de tres oficiais para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque, do Concello de Moaña mediante unha contratación de carácter laboral temporal, a xornada completa, mediante contrato por obra ou servizo de nove meses de duración.

Rematado o proceso selectivo, unicamente un dos aspirantes superou as probas de selección. En concreto o Tribunal de selección en proposta de data 9 de marzo de 2009, propón a contratación de D. Juan Antonio Santomé Cruz por ser o único que superou todas as probas de selección.

Dada a necesidade de contratar a outros dous traballadores, procede a aprobación dunhas novas bases para contratar adicionalmente a outros dous traballadores para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque, actualizando as datas que figuraban nas bases orixinarias.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º) Aprobar a contratación de D. Juan Antonio Santomé Cruz, a xornada completa, de luns a domingo, dende o 16 de marzo e por 9 meses, mediante un contrato por obra ou servizo determinado ao abeiro do artigo 1 b) e 3 do Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

As retribucións mensuais serán as seguintes:

Soldo base	845,31 euros.
Prima Puntualidade.....	33,96
Complemento extrasalarial.....	93,39
P.P. extraordinarias.....	180,30
Dedicación.....	100,82
Indemnización por cese.....	28,05
1% masa salarial.....	8,29
Total mes.....	1.290,12 euros.

2º) Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal en informe de data 6 de febreiro de 2009, por entender suficiente a publicidade proposta, a sustantividade da obra ou servizo xustificativo do tipo de contrato é á vista da necesidade da contratación.

3º) Aprobar as bases de selección o inicio do procedemento de selección para a contratación de dous oficiais para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque, do Concello de Moaña mediante unha contratación de carácter laboral temporal, a xornada completa, mediante contrato por obra ou servizo de oito meses de duración, a contar dente o 16 de marzo de 2009. Darase por admitidos aos que xa presentaron istancias na convocatoria inicial de selección. Neste caso os aspirantes unicamente deberán presentar solicitude de participación nesta nova convocatoria, podendo presentar documentación adicional á presentada na primeira convocatoria.

4º) Aprobar os criterios de selección, así como a data de selección dos mesmos, publicando anuncio da convocatoria no Faro de Vigo e no taboleiro de edictos do Concello.

As bases literalmente quedan como segue:

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DO COMPLEXO HOSTALEIRO DEPORTIVO DO BEQUE, DO CONCELLO DE MOAÑA.

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a contratación de dous oficiais de servizos varios, para o coidado, mantemento, vixilancia e control do Complexo Hostaleiro e deportivo de O Beque, do Concello de Moaña.

Os oficiais de servizos varios a contratar terán entre as súas funcións as labores de: Coidado e vixilancia das instalacións. Labores de atención ó público visitante, coordinación do uso das pistas deportivas, control, coidado e mantemento da piscina, labores de mantemento das instalacións do Beque e os seus xardíns, labores de pequenas reparación de (fontanería, carpintería, albanelería, electricidade, xardinería, etc...).

A contratación será de carácter laboral temporal, a xornada completa, mediante contrato por obra ou servizo, de oito meses de duración. As retribucións a percibir serán: soldo base 845,31 euros, p.p. Extraordinaria 180,30 euros, complemento extra salarial no que se integran os sub conceptos de noturnidade 93,39 euros, dedicación 100,82 euros, prima puntualidade 33,96 euros, indemnización por cese 28,05 euros, 1% masa salarial 8,29 euros. Total mes 1.290,12 euros.

Reducirase unha hora día laborable a xornada laboral, para compensar os días festivos. O traballo organizarase a quendas rotativas para a cobertura do servizo de luns a domingos.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, deberanse de acreditar:

a) Ser español.

Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que os españois a aqueles sectores da función pública ás que lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Deberán acreditar a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade na data de remate de presentación de instancias.

c) Estar en posesión do título de graduado escolar, F.P I, ou equivalente.

d) Titulación acreditativa a ter realizado cursos de primeiros auxilios..

e) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lles impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.

f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servicio ó estado, Comunidades Autónomas ou ás entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

g) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións legais vixentes.

Todos estes requisitos, posúranse no momento de rematalo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: Instancias.

As instancias para tomar parte no proceso desta convocatoria, nas que os aspirantes manifestaran que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde presidente da Corporación e presentaranse no Rexistro Xeral deste concello de 9:00 a 14:00 horas desde o día **12 de ao 18 de marzo**. Así mesmo, os aspirantes acompañarán ás instancias a documentación seguinte:

* Fotocopia do DNI debidamente compulsada.

* Fotocopia compulsada da titulación esixida, ou no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición da mesma.

* Fotocopia compulsada da titulación acreditativa de ter realizado cursos de primeiros auxilios.

* Certificado expedido por médico colexiado de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.

* Declaración xurada de cumpri-los requisitos sinalados na base segunda, apartados f) e g). Sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de documental no caso de que o solicítase o tribunal.

* Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.

* Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Darase por admitidos aos aspirantes que xa presentaron istancias na convocatoria inicial, de selección para a contratación de tres oficiais para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque do Concello de Moaña recentemente celebrada e amosen a súa vontade de participar. Neste caso os aspirantes unicamente deberán presentar solicitude de participación nesta nova convocatoria, puidendo presentar documentación adicional á presentada na primeira convocatoria.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATAS DAS FASES DA CONVOCATORIA

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

-A Técnica Local de Emprego.

Vocais:

-O Secretario da Corporación

-Funcionario adscrito a área de Persoal

-Un vocal designado a proposta do Comité de Persoal

-O capataz da brigada de Servizos

Secretario:

-Un funcionario da área de Secretaría, que actuará con voz pero sen voto.

Serán funcións do tribunal a baremación da documentación aportada para a valoración de curriculum, a corrección e valoración da proba tipo test eliminatória e a valoración da proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver.

-Presentación de instancias: do 12 ao 18 de marzo.

-Lista provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional dos curriculum: 23 de marzo.

-Período de reclamacións: os días 25 e 26 de marzo.

-Lista definitiva de admitidos e excluídos, valoración definitiva de curriculum 27 de marzo.

-Realización do exercicio tipo test o día 30 de marzo, ás 17 horas, no Salón de Plenos do Concello, Rúa As Barxas, 2 de Moaña.

-Resultados definitivos do exercicio tipo test o 31 de marzo.

-A proba práctica será realizada o día 2 de abril, o lugar e hora en que terá lugar esta, será comunicado oportunamente.

-Día 6 de abril exposición no taboleiro de anuncios do Concello do resultado das puntuacións finais dos candidatos e proposta de aprobados. Inicio do contrato o 16 de abril.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

A selección constará de tres probas, sendo os seus contidos e cualificacións os que se describen de seguido:

Valoración do curriculum: 40%

a) Cursos:

Por cada curso acreditado, directamente relacionado coas funcións a desenvolver, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades:

- * Ata 40 horas0,10 puntos.
- * De 41 a 100 horas.....0,25 puntos
- * De 101 a 200 horas.....0,50 puntos
- * Mais de 200 horas.....0,75 puntos.

A máxima puntuación neste apartado será de 1,00 puntos.

* Titulación en salvamento e socorrismo ...0,50 puntos.

b) Experiencia profesional

* Por cada mes de traballo acreditado nas administracións públicas, en posto asimilable ó que aspira.....0,07 puntos

* Por cada mes de traballo acreditado en outras entidades privadas, en posto asimilable ó que aspira.....0,06 puntos

Considéranse postos asimilables ó que se aspira: ter realizado labores de: mantemento e control de instalacións, labores de albanelería ou similares, xardinería ou similares, electricidade ou fontanería, salvamento e socorrismo. As valoracións anteriores consideraranse por cada mes de traballo a xornada completa, no suposto de xornada parcial as valoracións reduciranse na parte proporcional. A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación oficial da vida laboral e copias dos contratos ou nóminas, ou IAE e alta na Seguridade Social no caso de autónomos, ou mediante calquera outra certificación oficial admitida e n dereito.

A máxima puntuación neste apartado será de 2,00 puntos.

c) Coñecemento acreditado do idioma galego:

* Celga 3 ou equivalente0,25 puntos

* Celga 4 ou equivalente.....0,50 puntos.

Só se concederá validez ós cursos ou titulacións homologados polos organismos oficiais da Xunta de Galicia.

A máxima puntuación neste apartado será de 0,50 puntos.

Na fase de valoración de curriculum poderase acadar un máximo de 4 puntos.

Exercicio tipo test: Eliminatorio 20%

Os aspirantes deberán presentarse na casa do concello para a realización do exercicio, este se fará en chamamento único e estarán provistos do DNI, quedando excluídos do procedemento selectivo os aspirantes que non comparezan.

O exercicio constará en contestar por escrito unha serie de 20 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha poderá ser correcta.

As preguntas versarán sobre as materias comúns e específicas do temario que figura como anexo I desta convocatoria.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 20 minutos.

Este exercicio tipo test é eliminatorio, só poderán continuar no proceso selectivo os candidatos que logren aprobar, considerándose aprobados os que acaden a metade dos puntos posibles. Da puntuación acadada reducirase a puntuación resultante de multiplicar o número de preguntas falladas por 0,10 por 1/3. Os candidatos que non acaden esta puntuación quedarán automaticamente excluídos do proceso selectivo.

A puntuación máxima deste exercicio será de 2 puntos

Exercicio ou proba práctica, 40% da puntuación

Este exercicio consistirá na realización de varios supostos prácticos relacionadas coas funcións que deberán desenvolver os oficiais de servizos varios, para o mantemento, vixilancia e control do Complexo Hostaleiro e deportivo de O Beque, do Concello de Moaña. (Coidado e vixilancia das instalacións. Labores de atención ó público visitante, coordinación do uso das pistas deportivas, labores de mantemento das instalacións do Beque e dos seus xardíns, labores de pequenas reparación de (fontanería, carpintería, albanelería, electricidade...).

Os membros do tribunal, deberán valorar as probas realizadas por cada aspirante de 0 a 4 puntos.

A puntuación máxima desta proba será de 4 puntos.

SIXTA.-CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ás prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

SÉTIMA.-NOMEAMENTO

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal proporalle ó Alcalde Presidente da Corporación a contratación dos aspirantes que acaden maior puntuación, que resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/1995, polo que se aproba o estatuto dos Traballadores.

OITAVA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vencellan á Administración, o tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

NOVENA.-INCIDENCIAS

O tribunal seleccionador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMA.-RÉXIME XURÍDICO

Este proceso selectivo regularase polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e no non previsto nestas pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, polo Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, e polo Real decreto 364/95, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local .

DÉCIMO PRIMEIRA.-PUBLICIDADE.

As presentes bases faranse públicas no tabuleiro de anuncios do Concello de Moaña Un anuncio da convocatoria das probas publicarase nun diario de maior difusión comarcal con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.

DECIMO SEGUNDA.-DISPOSICIÓN FINAL

As bases xerais e específicas desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99.

A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Moaña, 9 de marzo de 2009,

ANEXO I.

Materias comúns:

Tema 1.- A Constitución de 1.978. Dereitos e deberes fundamentais da persoa.

Tema 2.- Entidades que comprende a Administración Local. O Municipio.

Tema 3.- Órganos de Goberno Municipais. Competencias.

Tema 4.- Ordenanzas e Regulamentos Municipais.

Tema 5.- A Facenda Local. Ingresos, taxas e prezos públicos.

Tema 6.- O procedemento Administrativo: concepto e principios Xerais.

Materias específicas.

Tema 1.- Coñecementos básicos sobre: albanería, carpintería, electricidade, xardinería, fontanería, socorrismo e organización.”

27.- TRÁFICO

D. Antonio Fernández Gil expón que onde vive hai unha entrada de garaxe con vado permanente e os coches o empregan para aparcarse enriba da beirarrúa de acceso ao edificio. Solicita que ao lado do vado colocaran bolardos para que os coches non se suban á beirarrúa.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 21 de febreiro de 2009, no que indica que para acceder ao portal deste edificio hai unha entrada duns 8 metros de longo por uns dous de ancho, que aproveitan os vehículos para estacionar, chegando a dificultar ou nalgúns casos a impedir o acceso ao edificio, polo que sería conveniente colocar algún obstáculo que impida o estacionamento en dito lugar, tanto no fronte como no lateral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a instalación de bolardos solicitada.

28.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

28.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
ANA M ^o VIDAL RAÑA	Auga para usos domésticos	Bernardino Graña, 23, 2-3º G	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia
PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ, S.L.U	Auga para construción 16 vivendas	O Rosal Sur, parcelas 52 e 20B	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 150 €	Aqualia
MONTE DO CON PROMOTORA, S.L.	Auga para construción 25 vivendas	Monte do Con, parcela Z	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 150 €	Aqualia

28.B) CORRECCIÓN DE ENDEREZO NUNHA SOLICITUDE APROBADA PARA CONEXIÓN COA TRAÍDA MUNICIPAL E SANEAMENTO.

Por acordo da Xunta de Goberno do día 25 de maio de 2007 aprobouse a conexión á rede de abastecemento e saneamento de AISLAMIENTOS TERMICOS DE GALICIA, S.A., para usos industriais, no lugar de Baixada A Guía nº 229 (antigas conservas A Guía).

Mediante instancia do 4 de marzo de 2009, solicitan que se corrixa a dirección xa que a correcta é a rúa Baixada do Cocho, nº 228, A Guía-Meira, 36955 Moaña, e precisan que estea corrixada xa que están a tramitar a obtención da noma ISO de Medio Ambiente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda corrixir o enderezo que consta no acordo do 25.05.07 pola que se aproba a conexión de AISLAMIENTOS TÉRMICOS DE GALICIA, S.A., sendo “Baixada do Cocho, nº 228, A Guía – Meira, 36955 Moaña”.

29.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DO CAEIRO (MEIRA-MOAÑA).

En data 2 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno aprobou o proxecto da obra “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DE O CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)”, redactado polos Servizos técnicos Municipais e pertencente ao Fondo Estatal de Inversión Local.

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A., recibíndose oferta da mesma de data 5 de marzo de 2009.

Á oferta presenta as seguintes condicións: CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A.: Prezo: importe de execución por contrata de CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CORENTA E OITO CÉNTIMOS (49.999,48 euros). (43.103,00 euros + 6.896,48 euros de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de obra.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2008.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto da obra “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DE O CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)”.

SEGUNDO.- Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS NO BARRIO DE O CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)” á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A. por un importe total de CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CORENTA E OITO CÉNTIMOS (49.999,48 euros). (43.103,00 euros + 6.896,48 euros de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer gasto con cargo á partida de Gastos 5110.61123 do Orzamento Municipal por importe de 49.999,48 euros.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.155,15 Euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formalizalo contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como Director da obra, ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:20 horas do día día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.